



O vertedoiro pode ter moitas utilidades modernas, mesmo como vertedoiro.

O vertedoiro de pedra

52. Como é?

Moitas das vivendas dos edificios tradicionais conservan aínda, na mesma estancia onde se atopa a lareira, un vertedoiro de pedra. É unha peza de granito tallada que forma parte da fábrica do muro e que, xeralmente, está debaixo dunha fiestra. Na maioría dos casos, o seu sumidoiro perforaba o muro e vertía directamente ao exterior.

53. Hai que conservalos?

Os modernos vertedoiros cerámicos, de chapa esmaltada ou de aceiro inoxidable, a lavadora automática e o lavalouzas cumpren hoxe as funcións do vello vertedoiro de pedra. Xa non se usan para cousas especiais pero, coma as lareiras, forman parte característica da nosa arquitectura e deben ser protexidos e, aínda que ocupan un pouco de espazo, debémolos conservar.

54. Para que vale agora?

Polo seu tamaño, aínda pode ser útil para lavar hortalizas e verduras ou limpar peixes, para manter un pequeno terrario con plantas aromáticas ou ornamentais, para almacenar utensilios de cociña, ou como repisa se colocamos unha tapadeira axeitada sobre el. Pensando un pouco, axiña lle encontraremos algunha utilidade.